

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

C U R S O 2 0 1 9 - 2 0 2 0

C P I A S M I R A N D A S

DEPARTAMENTO: MÚSICA

DATA: 11-05-2020



ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe.
2. Avaliación e cualificación.
3. Información e publicidade.



1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Criterio de avaliación

1 ESO:

B1.1 Identificar o pulso, figuras rítmicas básicas (redondas, brancas, negras e corcheas, e os seus silencios); sonoridade maior e menor; timbres instrumentais e vocais e diferentes intensidades e velocidades.

B1.2 Cantar as cancións e exercicios propostos en clase de forma correcta en todos os procesos: postura, respiración, emisión e resonancia da voz.

B1.6 Interpretar pezas instrumentais cunha postura corporal adecuada e con precisión rítmica e melódica.

B1.7 Coñecer os principios básicos dos procedementos compositivos e as formas de organización musical.

B1.8 Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e habilidades como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e aportando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.

B2.2 Analizar diversas producións sonoras e comparar diferentes versións das mesmas, valorando a práctica e a técnica dos/as intérpretes e o esforzo e a dedicación dos estudantes e dos profesionais da Música.

B2.3 Ler distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.

B2.4 Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións

2 ESO:

B1.1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica axeitada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais.

B1.2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música.

B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.

B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.

B2.1. Identificar e describir os instrumentos.

B2.2. Seguir distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.

B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.

B2.4. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes elementos e formas de organización e estruturación musical dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.

B2.5. Identificar situacións do ámbito cotiá nas que se produce un uso indiscriminado do son, analizar as súas causas e propor solucións.

B3.1. Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras disciplinas.

B3.2. Amosar interese polas músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa.



B3.3. Apreciar a importancia do patrimonio cultural español e galego, e comprender o valor de conservalo e transmitilo.

B4.1. Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para reproducir música.

3 ESO:

B1.1. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de sol e de fá en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).

B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.

B2.1. Identificar e describir os instrumentos e voces e as súas agrupacións.

B2.2. Ler e analizar distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio as tarefas de audición.

B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.

B2.4. Recoñecer auditivamente e determinar a época ou a cultura a que pertencen distintas obras musicais, interesándose por ampliar as súas preferencias.

B2.5. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), algúns elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación e variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.

B3.1. Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras disciplinas.

B3.2. Demostrar interese por coñecer músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa.

3.4. Distinguir, situar e caracterizar as grandes épocas da historia da música.

4 ESO

B1.1. Ensaiar e interpretar, en pequeno grupo, unha peza vocal ou instrumental, ou unha coreografía, aprendidas de memoria a través da audición ou da observación de gravacións de audio e vídeo, ou mediante a lectura de partituras e outros recursos gráficos.

B1.2. Participar activamente nalgúns das tarefas necesarias para a celebración de actividades musicais no centro docente: planificación, ensaio, interpretación, difusión, etc.

B1.4. Analizar os procesos básicos de creación, edición e difusión musical, considerando a intervención de distintos/as profesionais.

B2.1. Analizar e describir as principais características de pezas musicais apoiándose na audición e no uso de documentos como partituras, textos ou musicogramas.

B2.6. Explicar algunhas das funcións que cumpre a música na vida das persoas e na sociedade.

B3.1. Apreciar a importancia patrimonial da música española e galega, e comprender o valor de conservala e transmitila colaborando na recollida, na gravación e na transcripción de pezas.

B3.4. Coñecer e analizar as características dos principais grupos e tendencias da música popular urbana actual.

B4.1. Valorar o papel das tecnoloxías na formación musical.

B4.4. Caracterizar a función da música nos medios de comunicación (radio, televisión, cine, etc.) e as súas aplicacións na publicidade, nos videoxogos e noutras aplicacións tecnolóxicas.

B4.5. Coñecer as posibilidades das tecnoloxías aplicadas á música e utilízalas con autonomía.



Estándar de aprendizaxe

1ESO

- OMB1.1.1 Identifica figuras rítmicas básicas: redondas, brancas, negras e corcheas.
- OMB1.2.2 Coñece e comprende o seu proceso de emisión e resonancia da voz.
- OMB1.2.3 Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.
- OMB1.2.4 Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación
- OMB1.6.1 Mantén unha postura correcta ao tocar ante os instrumentos.
- OMB1.6.2 Utiliza técnicas axeitadas ao tocar os diferentes instrumentos.
- OMB1.6.3 Busca a precisión rítmica e melódica nas interpretacións.
- OMB1.7.1 Comprende os conceptos e termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e cos tipos formais.
- OMB1.8.1 Aмосa interese polo coñecemento e polo coidado da voz, do corpo e dos instrumentos.
- OMB2.1.1 Diferenza as sonoridades dos instrumentos da aula, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.
- OMB2.2.2 Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita con rigor e claridade.
- OMB2.3.1 Segue partituras sinxelas como apoio á audición.
- OMB2.4.1 Valora o silencio como elemento indispensable para a audición

2ESO

- MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.
- MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.
- MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).
- MUB1.4.1. Aмосa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos
- MUB1.5.2. Aмосa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
- MUB1.6.1 Practica, interpreta e memoriza, instrumentais de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras adecuadas ao nivel.
- MUB1.6.2 Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.
- MUB1.6.4 Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.
- MUB1.6.5 Participa activamente en agrupacións e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e



compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa

MUB2.1.1 Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces

MUB2.3.1 Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.

MUB2.4.1 Describe os elementos das obras musicais propostas.

MUB3.1.2 Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade

MUB3.3.1 Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego

MUB3.4.1 Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais

MUB4.1.1 Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.

3ESO

MUB1.1.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).

MUB1.6.1. Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.

MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.

MUB1.6.3. Aмосa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as.

MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.

MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.

MUB2.1.3. Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música.

MUB2.2.1. Le e analiza partituras como apoio á audición.

MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.

MUB2.5.1. Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras musicais propostas usando distintas linguaxes.

MUB3.1.3. Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia.

MUB3.2.1. Aмосa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición

MUB3.4.1. Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais.

MUB3.4.2. Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade.

4ESO

MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.



- MUB1.1.2. Le partituras como apoio á interpretación.
- MUB1.1.3. Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula.
- MUB1.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento.
- MUB1.4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen.
- MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.
- MUB2.6.1. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.
- MUB3.1.1. Amosa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego.
- MUB4.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular.
- MUB4.4.2. Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara.
- MUB4.1.2. Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos.
- MUB4.3.2. Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.
- MUB4.5.1. Amosa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Avaliación

Procedementos e Instrumentos:


1º e 2º Avaliación

Para a avaliación e cualificación teranse en conta os contidos mínimos sinalados, o traballo realizado polo alumno e a actitude do mesmo cara a asignatura. En cada avaliación faranse varias probas, teóricas (en ocasións con audicións) e prácticas de linguaxe musical (individual e grupal).

- A asistencia regular á clase, a actitude e participación nas actividades propostas na aula suporán un 20% da nota final, tendo en conta que nos traballos en grupo avaliarase a cada alumno de xeito individual segundo a súa participación na actividade do grupo. Para avaliar a actitude dos alumnos terase en conta que traian o material á clase (partituras e frauta). Cada día que non traian o material baixarase 0.20 puntos neste apartado.
- Probas teóricas: suporán o 40% da nota final, debendo ter neste apartado máis dun 4 de media para que se avalíe o seguinte apartado.
- Probas prácticas: suporán outro 40% da nota final.

3º Avaliación

Para a avaliación e cualificación, teranse en conta o traballo realizado polo alumno e a actitude do mesmo cara a asignatura. Valorarase manter unha presenza activa e interese pola asignatura, pesando máis a capacidade de traballo mostrada polo alumno que o resultado dos contidos traballados telemáticamente. A avaliación do 3º

	<p>trimestre, será por tanto, diagnóstica de cara o curso que ven.</p> <p>Avaliacións pendentes</p> <p>Os alumnos con algunha avaliación pendente realizarán tarefas telemáticas de recuperación cos contidos desenrolados no trimestre correspondente. A nota obtida nas devantidas probas será a cualificación resultante da avaliación a recuperar.</p>
<p>Cualificación final</p>	<p>A avaliación final realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, e o terceiro trimestre se beneficia ao alumnado. Farase a partir das avaliacións anteriores e o traballo da 3ª avaliación so conta se é positivo, polo que o alumno ou alumna non poderá ver minorados os resultados obtidos nas avaliacións dos trimestres anteriores.</p> <p>O procedemento para obter a cualificación final será:</p> <div style="text-align: center;">  <p>The diagram illustrates the calculation of the final grade. It starts with two boxes representing the first and second evaluations, each labeled '1ª' and '2ª' with '50%' below them. These are added together to equal a box labeled 'NOTA COVID'. An arrow points from 'NOTA COVID' to a box labeled '+ traballos da 3ª avaliación só se é positivo' with '2 puntos' below it. This is then added to a final box labeled '3ª/Final nunca menor cá Nota Covid'.</p> </div> <p>Realizarase unha media entre as dúas primeiras avaliacións, tendo o mesmo peso cada unha delas. Á media obtida das dúas primeiras avaliacións, poderanse sumar 2 puntos se o alumno realiza todas as tarefas telemáticas propostas no 3º trimestre. De realizar só unha parte das tarefas propostas, o alumno acadará a porcentaxe correspondente no relativo á puntuación dos traballos da 3º avaliación</p>
<p>Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>A avaliación extraordinaria de setembro consiste nun único exame (teórico e práctico) que constituirá o 70% da nota. O 30% restante, corresponderá a un traballo que se lle entregará a o alumno para levar a cabo durante os meses de verán. Os alumnos examinaránse dos contidos da 1º e 2º avaliación.</p>
<p>Avaliación de materia pendentes</p>	<p>Criterios de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Exercitar a interiorización sonora como base da escoita activa e dunha boa memoria auditiva.(progresivo) ✓ Demostrar unha actitude positiva, interese e traballo ó longo do curso, como principios fundamentais para promocionar na asignatura. ✓ Adaptar o propio canto a unha interpretación colectiva. ✓ Respectar, apreciar e distinguir os esquemas rítmico-melódicos e os elementos harmónicos básicos, propostos en situacións de improvisación vocal ou instrumental. ✓ Ler música como apoio necesario ás tarefas de interpretación e audición. ✓ Coñecer as normas que rexen a interpretación musical colectiva. ✓ Adquirir os rudimentos básicos para a interpretación con instrumental Orff. Conseguir unha destreza elemental na interpretación. ✓ Utilizar a terminoloxía musical axeitada. ✓ Percibir e identificar o silencio como elemento estruturador do son.



	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Demostrar a capacidade de diferenciar as grandes familias instrumentais, as voces humanas así como diferentes agrupacións instrumentais e vocais. ✓ Situar cronolóxicamente algúns dos principais autores e as súas obras máis representativas. ✓ Relacionar básicamente a música con algunhas das outras manifestacións artísticas. ✓ Coñecer as principais manifestacións musicais do noso tempo. ✓ Relacionar os diversos estilos musicais có seu contexto histórico. ✓ Coñecer os principais periodos da música occidental, os grandes compositores e as súas obras máis significativas.
	<p>Adaptación dos criterios de cualificación:</p> <p>Non hai alumnos coa materia pendente neste curso, polo que non se modifican os criterios establecidos na programación.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Non hai alumnos coa materia pendente neste curso, polo que non se modifican os criterios establecidos na programación.</p>

3. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

PROFESORADO	Mail e Abalar
CENTRO	Publicación na páxina web do colexio e por Abalar